

PROGRAMACIÓN 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

INGLÉS

CURSO: 2022/23

INTRODUCCIÓN

O proceso de progresiva globalización no que, desde a segunda metade do século XX, atópase inmerso o noso mundo, fai que sexa cada vez máis necesario facer fronte aos novos retos que se derivan da paulatina desaparición das fronteiras que tradicionalmente se establecían entre países no plano económico, político, cultura e social. Neste sentido, resulta evidente que desde as idades máis temperás a educación debe ter entre un dos seus principais obxectivos o de dotar aos cidadáns de instrumentos útiles para desenvolver competencias que lles permitan adaptarse adecuadamente a unha nova sociedade cada vez máis interdependente e global. A aprendizaxe de linguas estranxeiras ten unha especial relevancia neste plano, xa que a capacidade de comunicación é un dos requisitos fundamentais para desenvolverse nun contexto crecientemente pluricultural e plurilingüe. Tal e como sinala o Marco de referencia de competencias para a cultura democrática, nas sociedades actuais, culturalmente diversas, os procesos democráticos requiren do diálogo inter-cultural. Polo tanto, a comunicación en distintas linguas resulta esencial no desenvolvemento desa cultura democrática. Na idea dun Espazo Europeo de Educación, a comunicación en máis dunha lingua evita que a educación e a formación se vexan obstaculizadas polas fronteiras, e favorece a internacionalización e a mobilidade, ademais de permitir o descubrimento doutras culturas, ampliando as perspectivas do alumnado.

OBXECTIVOS CURRICULARES DE ÁREA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución práctica de conflitos, que lles permitan manexarse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- f) Adquirir polo menos nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e manexarse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- i) Iniciarse no emprego das tecnoloxías da información e a comunicación para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

PROGRAMACIÓN DE 2º CURSO DE EP.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b) f)	<p>B1.1. Captación da idea global e identificación dalgúns elementos específicos en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.</p> <p>-Asociación de palabras e expresións sinxelas con elementos paraverbais.</p> <p>-Asociación de palabras e frases sinxelas con elementos xestuais e visuais ou co apoio de ilustracións en soporte papel e dixital.</p> <p>-Seguimento verbal e non verbal de instrucións moi sinxelas.</p> <p>-Repetición, memorización e observación de modelos, para a adquisición de léxico e expresións moi básicas da lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Patróns sonoros, rítmicos e de entoación sinxelos: iniciación a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</p>	<p>B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e sinxelos, rimas infantís, cancións ...) emitidos con ritmo discursivo lento e con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.</p> <p>B1.2. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos...), instrucións elementais e peticións relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.3. Facer hipóteses sobre o posible sentido dun texto apoiándose en elementos paraverbais evidentes e en situacións de comunicación familiares.</p> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves, e moi sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p> <p>PLEB1.2. Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.</p> <p>PLEB1.3. Comprende preguntas básicas (nome, idade e gustos) sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p> <p>PLEB1.4. Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna (<i>Open/close the book, sit down...</i>).</p>	<p>CL</p> <p>CMCT</p> <p>SC</p> <p>CEC</p>

BLOQUE 2 : PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>b)</p> <p>g)</p>	<p>B2.1-Conversas sobre preguntas persoais sinxelas, a súa contorna inmediata, expresión de gustos, intereses, sentimentos, accións ...</p> <p>B2.2-Participación oral en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais facilitadas por rutinas de comunicación.</p> <p>-Producción de textos orais moi sinxelos e coñecidos previamente mediante a participación activa en rutinas, representacións, cancións, recitados, dramatizacións etc.</p> <p>B2.3-Iniciación a algúns aspectos básicos da fonética, do ritmo, acentuación e ton da lingua estranxeira e uso para a comprensión oral.</p>	<p>B2.1. Falar de si mesmo/a e das persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (<i>and/or</i>).</p> <p>B2.2. Participar activamente en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara.</p> <p>B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario.</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a un mesmo e dos e das demais (dicir o seu nome e idade, a cor do pelo e os ollos, presentar á súa familia, indicar as súas preferencias) cunha pronuncia e entoación comprensibles.</p> <p>PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).</p> <p>PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.</p> <p>PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.</p> <p>PLEB2.5. Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</p>	<p>CL</p> <p>CMCT</p> <p>CD</p> <p>SIEE</p> <p>CEC</p>

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>b)</p> <p>f)</p>	<p>B3.1. Identificación, moi guiada, da idea global de textos sinxelos e do seu interese (contos, rimas...) co apoio das ilustracións correspondentes.</p> <p>B3.2. Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países anglosaxóns.</p> <p>B3.3. Asociación global de grafa, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.</p> <p>B3.4. Lectura de textos sinxelos e moi breves.</p>	<p>B3.1. Comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos simples e breves relacionados con temas familiares e de interese para o alumnado, que contan con apoio visual.</p> <p>B3.2. Utilizar e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e as ideas principais do texto.</p> <p>B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas relacionadas coas convencións ortográficas básicas que expresan pausas, exclamacións e interrogacións.</p> <p>B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, sinxelos e previamente traballados oralmente, amosando unha entoación e pronuncia adecuadas.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</p> <p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p> <p>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</p> <p>PLEB3.4. Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.</p>	<p>CL</p> <p>CMCT</p> <p>SIEE</p> <p>AA</p>

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>b)</p> <p>f)</p>	<p>B4.1-Escritura de palabras de vocabulario básico e frases coñecidas previamente en interaccións orais sinxelas e de lectura.</p> <p>--Expresión de mensaxes con claridade axustándose aos modelos.</p> <p>-Iniciación ao emprego de materiais dixitais próximos a súa idade para reproducir mensaxes escritos sinxelos.</p> <p>B4.2. Uso dos signos de puntuación máis básicos.</p> <p>-Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas</p>	<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.</p> <p>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p> <p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p> <p>PLEB4.4. Completa unha táboa con datos persoais básicos (nome, apelido, idade...).</p>	<p>CL</p> <p>SC</p> <p>CEC</p> <p>SIEE</p> <p>AA</p>

BLOQUE 5 : COÑECEMENTO DA LINGUA E CONCIENCIA INTERCULTURAL				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b) f)	<p>B5.1. Achegamento a algúns aspectos culturais semellantes á realidade do alumnado a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>B5.2. Establecemento relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.</p> <p>B5.3. Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, cor favorita e estado (<i>What's your name?, My name is, How old are you?, I'm..., días , meses e tempo atmosférico...</i></p> <p>.Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (<i>Where's it?, It's in/on/under/next to</i>).</p> <p>-Identificación e seguimento de instrucións (<i>Touch your (legs)...</i>).</p> <p>-Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (<i>I've got, He/She's got</i>) e formulación da pregunta</p>	<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos concretos e significativos e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p> <p>B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.</p> <p>B5.4. Obter e dar información básica persoal, á súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p> <p>B5.5. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p> <p>B5.7. Expresar e identificar os seus gustos.</p> <p>B5.8. Utilizar adecuadamente as</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p> <p>PLEB5.2. Recoñece e aplica fórmulas básicas de relación social.</p> <p>PLEB5.3. Recoñece preguntas e respostas sinxelas sobre si mesmo/a e dos e das demais.</p> <p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (<i>Please, thank you, excuse me...</i>).</p> <p>PLEB5.5. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples moi próximos á súa idade con imaxes ilustrativas que clarifican o seu significado.</p> <p>PLEB5.6. Expresa e identifica a posesión referida a si mesmo/a e a unha terceira persoa.</p> <p>PLEB5.7. Expresa e identifica o que lle</p>	<p>CL SC CEC</p>

	<p>correspondente e resposta afirmativa e negativa (<i>Have you got?,-Yes, I have/No, I haven't...</i>)</p> <p>-Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (<i>I like (salad), I don't like (chips)</i>).</p> <p>-Expresión de cantidade: contar desde 0 ata 50.</p> <p>-Expresión das partes do corpo e cara, de elementos próximos (<i>What's this?, It's...</i>), alimentos (<i>What's this?</i>)</p> <p>-Identificación das pezas de roupa (<i>I'm wearing</i>).</p> <p>-Expresión de habilidade en afirmativa e negativa (<i>I can, I can't</i>).</p> <p>-Preguntas e respostas sobre permiso e axuda (<i>Can I...?</i>).</p> <p>-Preguntas e respostas sobre o estado de ánimo (<i>Are you (hungry?)</i>)</p>	<p>estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p> <p>B5.14. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación.</p>	<p>gusta e o que non lle gusta.</p> <p>PLEB5.11. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula e expresar e preguntar cantidades.</p> <p>PLEB5.12. Participa activamente en xogos dirixidos, dramatizacións etc.</p> <p>PLEB5.13. Expresa estados de ánimo elementais (<i>happy/sad, bored...</i>).</p> <p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.</p> <p>PLEB5.14. Aмосa interese por comunicarse na lingua estranxeira nas interaccións de aula.</p>	
--	--	--	---	--

METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada será eminentemente activa e axustada ás necesidades concretas do alumnado que fomenten a colaboración e a participación de todos no proceso de aprendizaxe.

O punto de partida serán os seus coñecementos previos, centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado, pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

A aprendizaxe por competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar ao alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da vida con éxito.

O emprego das TICS será fundamental como recurso dixital.

Propoñeranse tarefas globalizadas que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e a investigación.

Estará centrada no desenrolo das catro destrezas: reading, writing, listening and speaking, tendo en conta especialmente a súa aprendizaxe uso de forma holística, non de maneira independente, como indican as teorías de adquisición e aprendizaxe de linguas.

Utilizaremos o libro dixital de Oxford con licenza para que os alumnos poidan realizar tamén desde as súas casas audicións, vídeos ... se así o precisan.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

En canto ao plan de reforzo, este adecuarase aos resultados da proba de avaliación inicial, unha vez sexa realizada e vistos os resultados.

O plan de reforzo que recolle as medidas organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento do alumnado son as seguintes:

-Emprego das TICS como recurso didáctico fundamental que permitirá a máxima participación do alumnado nas interaccións orais e o traballo colaborativo así coma a motivación e curiosidade por aprender.

-As historias e vídeos non soamente proporcionarán un contexto significativo para o idioma, senón que tamén permitirán traballar valores específicos para os nosos alumnos que facilitarán o seu desenvolvemento social.

-Deseño de actividades propias de pensamento e desafío que requirirán un desenvolvemento cognitivo e o traballo colaborativo.

-Práctica de vocabulario e estruturas gramaticais a través de xogos e vídeos interactivos.

-Programación de actividades de reforzo e/ou ampliación que respecten os ritmos de aprendizaxe individual e que permitan atender as habilidades mixtas dentro da aula.

-Contarase con actividades adicionais de apoio para aqueles alumn@s que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos programados.

TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE:

- Repaso das aprendizaxes básicas correspondentes ao 1º curso de EP.
- Units: 1, 2
- Festivals: Halloween and Christmas.

2º TRIMESTRE:

- Units: 3, 4
- Festivals: Peace Day and Easter.

3º TRIMESTRE:

- Units: 5, 6

MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos espaciais dispoñíbeis no centro neste curso:

- Aula ordinaria con portátil e lousa dixital.

Recursos materiais:

- Aula Virtual de inglés.
- Páxinas web en inglés, enlaces de you tube, actividades online ...
- Web Oxford Online learning Zone
- Libros de texto, cadernos de actividades, flashcards ...
- Fichas de reforzo e ampliación.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de avaliación que utilizaremos son:

- Observación directa do traballo diario dos alumn@s.
- Análise das producións orais: actividades de “pair work” e “teacher group”.
- Test de avaliacións.
- Seguimento da avaliación continua no rexistro.
- Valoración cuantitativa do avance individual: entrega das tarefas propostas.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

Os resultados do test de avaliación determinarán o 60% da nota, a expresión oral o 10% da nota, a análise das producións diarias outro 20% da nota e a actitude o 10% restante.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDAD

Segundo as necesidades e o ritmo de aprendizaxe dos alumn@s proponse:

- Fichas de reforzo e ampliación
- Web Oxford Online Learning Zone
- Outras webs educativas en inglés adecuadas ao seu nivel de aprendizaxe e coñecemento

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Conmemoración das festividades características da sociedade anglosaxona (Halloween, Christmas, Easter ...).
- Asistencia á contacontos en inglés.

FOMENTO DA LECTURA

- Lectura de palabras e enunciados sinxelos en recursos variados (audiovisuais, informáticos, tarxetas, wordcards, ...)
- Audición de textos sinxelos (historias, cancións, vídeos ...) en diferentes soportes.
- Memorización de producións orais breves (cancións, rutinas, ...)
- Asociación global de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos que representan expresións orais coñecidas.

FOMENTO DAS TICS

- Realización de xogos interactivos na Oxford Online Learning Zone e noutras webs educativas relacionados co “topic” de cada unidade.
- Actividades subidas á aula virtual.
- Xogos verbais e/ou escritos na pizarra dixital.

EDUCACIÓN EN VALORES

Adquirir progresivamente unha actitude receptiva cara as persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura e forma de vida diferente á nosa. Ao longo do curso e a través das distintas unidades iremos coñecendo a cultura dos distintos países de fala inglesa, así como aproveitaremos a variedade cultural da nosa escola para comparar e compartir.

